



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 11 DE MARZO DE 2021,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Decreto polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se celebren.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Triacastela, dun treito antigo da LU-633 (N-VI)-Alto do Hospital (N-540).

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Decreto polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, mediante acordo marco cun único empresario, de Servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais ( AMT-2021-0044) por un valor estimado de seis millóns oitocentos trinta e dous mil setecentos euros (6.832.700 €).

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación mediante acordo marco cunha única empresa, dos servizos dun centro de seguimento de contactos Covid-19, por un valor estimado de trece millóns oitocentos cincuenta e nove mil novecentos trinta e dous euros (13.859.932,00 €).

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e a conta aos recollidos no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituir garantías de acordo co dito Decreto, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2021, 2022 e 2023 (código de procedemento BS212A). Importe total: cinco millóns douscentos setenta e un mil euros con vinte e un céntimos (5.271.000,21€).

### CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia nas explotacións leiteiras para o período 2021-2024 por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000 €).

### INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre a convocatoria do bono turístico #QuedamosenGalicia2021.

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o programa de axudas para a instalación, reforma e adaptación das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, así como para a adquisición de elementos de envasado de comida e bebida para a entrega a domicilio ou a recollida no local.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe ao Consello de medidas de reforzo en materia de ciberseguridade para o período 2021-2023.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

- Informe sobre o sometemento á consulta pública previa da elaboración do anteproxecto de Lei de Áreas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre medidas para o impulso do desenvolvemento de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Informe sobre as axudas ao emprendemento feminino (EMEGA), cofinanciadas co Fondo Social Europeo.





## O NOVO DECRETO DE CONTROL DE ACCESO A ESPECTÁCULOS PÚBLICOS SIMPLIFICARÁ A TRAMITACIÓN DA HABILITACIÓN DO PERSOAL DESTES SERVIZOS

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo a este proxecto de decreto que permitirá adaptar á nova realidade e á normativa actual o decreto vixente desde 2010 para regular esta actividade*
- *O proceso para obter a habilitación axilízase ao substituír as probas anuais por un curso de 6 horas na AGASP e a súa vixencia amplíase de 5 a 10 anos*
- *O novo documento obriga a dispoñer deste persoal en tódalas actividades que teñan prohibido o acceso a menores, os locais con capacidade de máis de 500 persoas e os espectáculos en recintos pechados onde se requiran plans de autoprotección*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde o proxecto de decreto que regulará a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e a actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público nos que se celebren, sempre que dispoñan do servizo de control de acceso.

O Goberno galego pretende co novo texto unha regulación dos requisitos que deben cumprir o persoal de acceso para exercer as súas funcións máis práctica e adaptada á realidade e á normativa actual respecto ao actual decreto, que data de 2010.

Deste xeito, simplificaranse e axilizaranse os procesos tanto para a obtención como para a renovación da habilitación, así como a reformulación do temario para a realización da proba de coñecemento, incluíndo as especificidades, entre outros aspectos, dos establecementos do xogo e da normativa vixente en materia de espectáculos públicos.

Para desenvolver a función de control de acceso é obrigatorio contar coa habilitación da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior xunto coa obtención do certificado acreditativo de ter superado o curso correspondente expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp). Co novo decreto as probas anuais actuais –que inclúe test de coñecementos e psicolóxico- substituirase por un proceso máis curto a través dun curso de formación de 6 horas convocado pola Agasp que será necesario superar. De feito, o Diario Oficial de Galicia publicou onte a relación definitiva de admitidos e excluídos ás probas para a obtención da habilitación do persoal de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas que se levarán a cabo o 26 de marzo.

Para a admisión neste curso requírese achegar un certificado de aptitude psicolóxica expedido por un centro médico-psicolóxico ou persoal autorizado xunto cun certificado de antecedentes penais. Esta mesma documentación tamén se terá que presentar no momento da renovación da habilitación, cuxa vixencia pasará de 5 a 10 anos.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por outra parte, o decreto inclúe como novidade a obriga de dispoñer de persoal de control de acceso habilitado en todos os establecementos abertos ao público, espectáculos públicos e actividades recreativas que teñan prohibido o acceso a menores, así como os establecementos con capacidade para máis de 500 persoas e os espectáculos públicos e actividades recreativas que se leven a cabo en recintos pechados que precisen plans de autoprotección.

Cómpre lembrar que a Xunta tamén está a tramitar precisamente a modificación do decreto regulador dos plans de autoprotección, cos que se trata de prever e controlar os riscos sobre as persoas ou bens para dar unha resposta adecuada e garantir a integración destas actuacións no sistema público de protección civil. A Xunta está en trámite de aprobación do decreto que actualiza o catálogo de actividades en centros obrigados a elaborar e rexistrar estes plans e que incluíría a establecementos pechados con capacidade de máis de 1.000 persoas, instalacións desmontables con capacidade de máis de 1.500 persoas, espazos abertos delimitados para máis de 5.000 persoas e non delimitados para máis de 10.000 persoas.

Entre as funcións do persoal de acceso, atópanse as de controlar a entrada das persoas ao establecemento, comprobar a súa idade e identidade, controlar a adquisición da entrada ou localidade, supervisar que non se exceda a capacidade máxima autorizada, vixiar que as bebidas non sexan sacadas do local, prohibir o acceso fóra do horario de peche, e incluso, se fora necesario, auxiliar ás persoas que se encontren feridas e chamar ao teléfono de emerxencias correspondente. A nosa comunidade conta xa con mais de 1.000 persoas con habilitación en vigor para realizar as funcións de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

O texto do proxecto xa foi sometido a información pública a través do Portal de Transparencia da Xunta e foron consultadas todas as asociacións representativas dos sectores de espectáculos públicos afectados. Ademais, foi sometido ao ditame do Consello Consultivo de Galicia sen que se formulase ningunha obxección de legalidade. O decreto entrará en vigor ao mes seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE TRIACASTELA DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA LU-633 COINCIDENTE COA TRAZA DO CAMIÑO FRANCÉS

- *Trátase dun antigo tramo en curva duns 112 metros de lonxitude que descorre moi próximo ao casco urbano, destinado a uso público e de recreo*
- *A Xunta investiu recentemente preto de 45.000 euros no seu acondicionamento*
- *O Concello terá competencia para actuar neste treito e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento*
- *O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Triacastela, dun treito antigo da estrada autonómica LU-633 coincidente coa traza do Camiño Francés.

O Concello solicitou ao departamento de Infraestruturas da Xunta a transferencia da titularidade dun antigo treito en curva da estrada LU-633, no punto quilométrico 28+000, en Triacastela, á saída da capitalidade do concello, con destino a uso público e de recreo.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Xunta en Lugo, formula a proposta favorable de transferencia deste treito duns 112 metros de lonxitude que descorre moi próximo ao casco urbano do núcleo de Triacastela. O treito foi obxecto de acondicionamento recente por parte da Xunta, cun investimento de case 45.000 euros.

Os traballos executados pola Xunta comprenderon a reposición do firme da calzada e a instalación dunha barreira de seguridade para protexer a nova zona de lecer con respecto á calzada da estrada autonómica. A intervención incluíu, ademais, a nivelación do espazo entre estradas para a súa humanización con zonas verdes e a colocación de mobiliario urbano.

A transferencia a prol do Concello de Triacastela tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Nas seguintes imaxes amósase o tramo obxecto de transferencia:





## A CONSELLERÍA DO MAR REFORZA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS A TRAVÉS DA CREACIÓN DUN DEPARTAMENTO ESPECÍFICO CENTRADO NA SÚA OPTIMIZACIÓN E APROVEITAMENTO

- *Crea a Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, que coordinará os distintos organismos intermedios na xestión dos programas operativos dos fondos europeos e colaborará na súa elaboración, no seu seguimento e no seu control para mellorar a súa eficiencia en beneficio do sector marítimo-pesqueiro*
- *Faino mediante o proxecto de decreto coa nova estrutura orgánica da Consellería, que ten como obxectivo avanzar na xestión das súas competencias e na coordinación entre os distintos elos que a conforman*
- *A Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca coordinará os distintos organismos intermedios na xestión dos programas operativos dos fondos europeos e colaborará na súa elaboración, no seu seguimento e no seu control para mellorar a súa eficiencia*
- *A nova norma tamén establece que a Xefatura Territorial de Celeiro amplía o seu ámbito de actuación e inclúe algúns concellos da Coruña para mellorar a operatividade, o equilibrio entre as xefaturas e optimizar a xestión*

A Consellería do Mar vai reforzar a xestión dos fondos europeos mediante a creación dun departamento específico centrado na súa optimización e aproveitamento en beneficio do conxunto do sector marítimo-pesqueiro galego. Esta mellora concrétase coa creación da Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), de acordo co proxecto de decreto coa nova estrutura orgánica da Consellería do Mar á que hoxe deu luz verde o Consello da Xunta.

Esta nova subdirección xeral, que dependerá directamente da persoa titular da Consellería, garante a separación de funcións entre os órganos xestores do gasto asociado ao FEMP e o equipo que realiza a verificación do mesmo ao tempo que actuará como órgano de coordinación da actuación dos distintos organismos intermedios na xestión dos programas operativos dos fondos europeos. Nesta liña, tamén colaborará na planificación dos programas operativos e no seu seguimento e control, o que contribuirá a reforzar o aproveitamento dos fondos europeos que están a disposición do complexo mar-industria de Galicia.

Co mesmo obxectivo de optimizar os recursos existentes, mellorar a operatividade e equilibrar o ámbito de actuación das xefaturas territoriais, a Consellería do Mar vai ampliar a zona de influencia da Xefatura Territorial de Celeiro. Deste xeito, a súa delimitación xeográfica corresponderase cos concellos do litoral da provincia lucense máis os da costa coruñesa desde o límite con Lugo ata Cedeira, que tamén está



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

incluído. Mentres, a Xefatura Territorial da Coruña perde eses concellos que asume Celeiro e Vigo mantense cos que xa tiña, os do litoral da provincia de Pontevedra.

O obxectivo deste cambio é optimizar o uso dos recursos dispoñibles nas tres provincias para mellorar a eficacia e a eficiencia administrativa e equilibrar o seu ámbito de actuación. Ao mesmo tempo, tamén se adaptan as denominacións e funcións dos servizos dependentes de xeito directo das xefaturas territoriais en concordancia coa estrutura e atribucións das direccións xerais dos servizos centrais. Deste xeito, as xefaturas territoriais contarán cun Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro e outro de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, na liña das competencias que teñen atribuídas as dúas direccións xerais da Consellería do Mar.

**Outros cambios**

Na busca de melloras operativas, o decreto tamén inclúe cambios a nivel organizativo e de competencias tanto na Secretaría Xeral Técnica como na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Entre eles atópase a atribución á Secretaría Xeral Técnica das competencias en materia de xestión, coordinación e dirección do tratamento de datos así como a determinación dos fins e medios necesarios para garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Entre as novidades incluídas no marco da nova estrutura tamén está unha maior precisión nas funcións que corresponden ao Servizo de Protección dos Recursos do Servizo de Gardacostas de Galicia. Ademais do control de toda a canle de extracción e comercialización, transporte, almacenaxe e transformación dos produtos do mar e da acuicultura, o servizo debe vixiar as actividades relacionadas coa pesca marítima de lecer e os asuntos que lle sexan encomendados en razón da súa competencia.



## A XUNTA PON EN MARCHA ESTE ANO A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE CIBERSEGURIDADE DE GALICIA NA CIDADE DA CULTURA

- *O Consello da Xunta recibiu hoxe o “Informe de medidas de reforzo en materia de ciberseguridade 2021-2023” entre as que se atopa a construción do novo edificio, que aproveitará a estrutura existente no Xardín do Teatro e suporá un investimento de 3,2 millóns de euros*
- *O Consello aprobou o Acordo Marco para a contratación de servizos de ciberseguridade para cidadáns, empresas e administracións de Galicia por un importe de 8,26 millóns de euros, IVE incluído*
- *O Centro de Ciberseguridade de Galicia formará parte das redes europeas de ciberseguridade e actuará como enlace cos centros estatais dependentes tanto do Ministerio de Economía e Transformación Dixital como do de Defensa*
- *Os investimentos programados pola Xunta entre 2021 e 2023 para ciberseguridade neste paquete de medidas superan os 12 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia recibiu hoxe un informe sobre medidas de reforzo en materia de ciberseguridade (2021-2023), entre as que se atopa a construción do Centro de Ciberseguridade de Galicia mediante un convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

O Centro de Ciberseguridade de Galicia estará nun edificio de 1.500 metros cadrados que se construíra aproveitando a estrutura existente no Xardín do Teatro da Cidade de Cultura. O investimento previsto para a obra é de 3,2 millóns de euros.

Galicia disporá deste xeito dun centro de referencia en ciberseguridade que formará parte das redes europeas e actuará como enlace cos centros de ámbito estatal: Instituto de Ciberseguridade de España (INCIBE), dependente do Ministerio de Economía e Transformación Digital; e o Centro Criptolóxico Nacional (CCN), adscrito ao CNI (Ministerio de Defensa).

O Centro prestará servizos especializados en seguridade da información e ciberseguridade dirixidos a administracións públicas (Xunta, concellos e deputacións), á cidadanía e ás empresas de Galicia.

Entre estes servizos destacan a formación e concienciación en materia de seguridade da información; a monitorización de alertas de ciberseguridade e resposta a incidentes ou cibercriminos; o asesoramento normativo en materia de ciberseguridade e protección



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de datos personais, auditorías de ciberseguridade e protección de datos persoais, vixilancia dixital, e asesoramento técnico en materia de ciberseguridade.

Consolidar unha economía dixital confiable e segura e potenciar as capacidades tecnolóxicas de Galicia nesta materia forma parte do eixo de especialización tecnolóxica da Estratexia Galicia Dixital 2030. A creación do Centro de Ciberseguridade de Galicia enmárcase nesta estratexia, que asume un modelo de colaboración público-privado que se reflicte no Nodo de Ciberseguridade de Galicia (CIBER.gal), creado en 2020. De CIBER.gal forman parte, ademáis da Xunta, as deputacións provinciais, os concellos a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), o INCIBE, o CCN, e está aberto un prazo de adhesión doutras entidades públicas e privadas.

### **Acordo Marco para servizos de ciberseguridade**

O Consello da Xunta aprobou hoxe autorizar o expediente de contratación mediante acordo marco dos servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais para cidadáns, empresas e administracións de Galicia. O orzamento máximo previsto é de 8.267.567 euros, IVE incluído.

Os servizos irán dirixidos fundamentalmente aos concellos galegos, ás deputacións provinciais, á Xunta e as Universidades, así como á cidadanía e as pequenas empresas e autónomos.

O Acordo Marco consta de catro lotes dirixidos á prestación de servizos básicos, goberno e xestión da seguridade da información; as revisións técnicas para a mellora da seguridade; as revisións normativas para a mellora da seguridade e as auditorías de certificación de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade (ENS) por parte de entidade acreditada.

### **Máis de 12 millóns de euros en investimentos neste paquete de medidas entre 2021 e 2023**

Galicia conta dende 2015 cun Plan Director de Ciberseguridade, vixente ata este ano. No ano 2018 creouse o Centro de Resposta a Incidentes de Seguridade Informática. Ademais, suscribíronse convenios co Instituto Nacional de Ciberseguridade e co Centro Criptolóxico Nacional. Este ano elaborárase un novo plan director para o periodo 2021-2027.

Segundo explica o "Informe de medidas de reforzo en materia de ciberseguridade para o periodo 2021-2023", "a situación sanitaria actual, derivada da pandemia mundial provocada pola COVID-19, propiciou que o tecido empresarial e as institucións públicas, entre outras, tivesen que adaptarse de forma apresurada ao teletraballo, sen avaliar de forma correcta os riscos asociados. Estas deficiencias de seguridade foron



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

explotadas pola enxañería social e se materializaron nun aumento dos ataques cibernéticos". Tamén influiron neste aumento dos cibercrimes os cambios na forma de relacionarnos e o aumento do comercio en formato electrónico.

O número de cibercrimes rexistrados en Galicia en 2019 (11.631) foi un 39,06 por cento superior ao rexistrado en 2018. Na actualidade, a cibercriminalidade representa xa o 10 por cento dos delitos que se cometen en España.

Neste contexto, a Xunta de Galicia ten planificado acometer entre este ano e o 2023 un investimento de máis de 12 millóns de euros que se destinarán á oficina de apoio ao nodo CIBER.gal; a unha campaña de concienciación na Televisión de Galicia en materia de ciberseguridade e fomento das vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas), ademais da creación do Centro de Ciberseguridade de Galicia e o Acordo Marco de Servizos de Ciberseguridade.



## A XUNTA DESTINA PRETO DE 14 MILLÓNS DE EUROS PARA O SERVIZO TELEFÓNICO DE SEGUIMENTO DE CONTACTOS COVID

- *O servizo que se vai licitar contempla unha duración dun ano e unha posible prórroga por outro ano máis*
- *A actividade fundamental do servizo é o contacto telefónico con cada caso de infección por virus para realizar a enquisa epidemiolóxica necesaria, recoller información dos contactos, e encargarse da vixilancia activa diaria de todos os contactos rexistrados.*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación dun servizo de central telefónica de apoio á xestión epidemiolóxica e seguimento de contactos de infectados pola covid-19. O importe estimado deste contrato é de 13.859.932 euros, ao que habería que engadir o IVE.

A actividade fundamental do servizo é o contacto telefónico con cada caso de infección por virus, para realizar a enquisa epidemiolóxica necesaria, recoller información dos contactos, sexa cal sexa a súa orixe, e encargarse da vixilancia activa diaria de todos os contactos rexistrados. Este servizo é necesario para establecer un sistema que permita cumprir cos obxectivos marcados pola autoridade sanitaria e que faga posible ter un plan de control da pandemia baseado na pronta identificación de todos os casos de infección.

Tendo en conta o obxecto de contrato e a incerteza da duración desta pandemia, e polo tanto da necesidade de prestación do servizo, considérase que o tipo de contrato mais adecuado é o acordo marco cun único empresario e licitado mediante procedemento aberto, polo cal calquera empresa capacitada e que cumpra coas solvencias establecidas poida presentar oferta. O procedemento aberto facilita a concorrência e a obtención de prezos máis baixos para a administración. O prazo de execución deste acordo marco será dun ano dende a súa formalización e poderá ser obxecto de prórroga. O prazo máximo da duración do acordo e a súa prórroga será de dous anos.

Ata o de agora, a contratación deste servizo realizouse mediante a tramitación de emerxencia recollida no artigo 120 da Lei de Contratos do Sector Público. Isto fíxose así pola necesidade e a urxencia de contar cun sistema de pronta identificación de todos os casos infectados, para inmediatamente indicar o seu illamento e, simultaneamente, identificar aos seus contactos estreitos marcando a súa corentena con vixilancia activa, para detectar posibles novos contaxios de xeito precoz. Todo este proceso debía realizarse de xeito urxente coa finalidade de reducir o risco de transmisión.

Á vista da evolución da pandemia, co incremento significativo de casos e a incerteza ante a posible aparecición de novas vagas, a Xunta de Galicia considera axeitado realizar



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

unha licitación pública deste servizo. Os seguintes pasos serán a publicación da licitación, a valoración das ofertas, a adxudicación e a formalización do contrato.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## A XUNTA HABILITA UNHA PARTIDA DE 5,3M€ PARA ABRIR 63 CASAS DO MAIOR EN CONCELLOS DO RURAL SEN CENTRO DE DÍA OU SERVIZO SIMILAR

- *Multiplicábase por catro o número de casas en funcionamento ao pasar das 20 actuais a máis de 80*
- *Amplíase o perfil do usuario, que xa non deberá ter grao I ou II de dependencia, senón que poderán ser persoas maiores autónomas*
- *As persoas promotoras poderán prestar servizo de desprazamento desde e cara a estes centros, para o que a Xunta ofrece axudas de 5€ por persoa e día*
- *Destínanse 945.000 euros para a adecuación das casas, cun límite de 15.000€ por centro; e 4,4M€ para o seu funcionamento diario, con 19.600 € anuais por centro*

O Consello da Xunta habilitou unha partida de 5,3 millóns de euros para abrir 63 casas do maior en concellos que nos que non haxa centros de día ou un servizo similar. Trátase dunha das novidades desta nova convocatoria, que permitirá multiplicar por catro o número de casas do maior en funcionamento, ao pasar de 20 a máis de 80.

Trátase da primeira novidade desta convocatoria, que elimina o requisito de que os concellos deben ter menos de 5000 habitantes para estender o servizo a todos aqueles que non teñan no seu termo municipal un centro de día ou similar, aínda que seguirán primando os concellos pequenos. A segunda novidade é que se amplía o perfil de persoas que poden acudir. Xa non será necesario ter un grao I ou II de dependencia, senón que poderán beneficiarse persoas maiores autónomas.

En terceiro lugar, increméntase o servizo que poden prestar as persoas que promoven unha casa do maior para que poidan tamén asumir os desprazamentos das persoas maiores usuarias desde e cara estes centros. Nestes casos, a Xunta ofrece ás promotoras unha axuda de 5 euros por persoa e día.

### **Axuda para adecuación e mantemento**

Dentro desta partida, o Goberno galego ofrece 945.000 euros para a adecuación das casas, cun límite de 15.000 euros por centro; e 4,4 millóns de euros para o seu funcionamento diario, con 19.600 euros anuais por cada casa do maior ata o ano 2023. A partir do terceiro ano actualizarase a contía anual para o mantemento do servizo.

Ademais, para facilitar a xestión a convocatoria contempla anticipos das axudas. No caso da partida de adecuación, anticipábase ata o 80%; e no dos fondos para o seu funcionamento diario, poderá adiantarse o 100% durante o primeiro ano e ata o 75% durante os dous seguintes.

Do mesmo xeito que as casas niño, estes centros atenden de forma totalmente gratuíta a un máximo de 5 persoas maiores de 60 anos durante un máximo de oito horas



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

diarias de luns a venres, con flexibilidade horaria e garantías de seguridade e calidade, posto que os seus responsables teñen formación ou experiencia profesional específica.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"





## A XUNTA GARANTE O FUTURO DA MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN GALEGO MEDIANTE A REALIZACIÓN ANUAL DE 1,5 MILLÓNS DE ANALÍTICAS DE MOSTRAS DE LEITE NOS VINDEIROS CATRO ANOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal) para levar adiante este labor*
- *O importe do convenio é de dous millóns de euros, a razón de 500.000 euros en cada un dos anos 2021, 2022, 2023 e 2024*
- *Esta iniciativa serve para avaliar xeneticamente aos animais reprodutores e desenvolver o Programa de mellora xenética de frisón de Galicia*

O Goberno galego aprobou esta mañá na súa xuntanza semanal a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal) para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia. Esta colaboración permitirá facer durante os vindeiros catro anos ata un total de 1,5 millóns de analíticas de mostras de leite anuais.

O orzamento total destinado para estas actuacións é de dous millóns de euros, a razón de 500.000 euros para cada un dos anos 2021, 2022, 2023 e 2024. Así, este convenio ten carácter plurianual para, desta forma, asegurar a estabilidade na execución do plan, ao tempo que se mellora a súa xestión económica a un custo axeitado e eficiente.

A finalidade desta cooperación na realización de análises é a obtención de datos para avaliar xeneticamente aos animais reprodutores e poder desenvolver o Programa de mellora xenética de frisón de Galicia. Este programa ten por obxecto poñer a disposición dos gandeiros galegos material xenético de alta calidade producido en Galicia para obter animais máis selectos e eficientes na produción de leite e, deste xeito, mellorar a súa competitividade.

Neste senso, cabe sinalar que a gandería de leite precisa de elementos que permitan acadar unha maior rendibilidade das explotacións, entre os que destaca a mellora xenética como a ferramenta que facilita dispoñer de animais reprodutores selectos con alto valor xenético comprobado. Así, estes programas de mellora e selección xenética de gando son imprescindibles para unha gandería moderna, eficiente e competitiva e, por tanto, son básicos para a modernización, eficiencia e profesionalización do sector.

### Laboratorio oficial

O Ligal é o laboratorio designado por decreto como entidade oficial para realizar as análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais de todas as especies en



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Galicia e para colaborar coa Consellería do Medio Rural no control leiteiro. Organiza a loxística da recollida e análise das mostras de leite e pon a disposición das asociacións provinciais de control leiteiro os datos obtidos para o seu posterior tratamento.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## O BONO TURÍSTICO #QUEDAMOSENGALICIA PODERÁ AMPLIARSE AO CONXUNTO DA POBOACIÓN GALEGA E PERMITIRÁ MOBILIZAR 6,8 MILLÓNS DE EUROS NO SECTOR TURÍSTICO

- *O Consello da Xunta deu conta hoxe das novidades e orzamento que a Xunta de Galicia destina a esta iniciativa de estímulo da demanda turística*
- *Neste mes de marzo abrírase o prazo para que as empresas se adhiran ao programa*
- *En 2020 preto de 20.000 persoas beneficiáronse destas tarxetas por importe de 250€ para consumir en establecementos e servizos turísticos*

O Consello da Xunta deu conta hoxe das principais novidades da segunda edición do Bono Turístico #QuedamosenGalicia que a Xunta de Galicia volverá a por en marcha este ano como estímulo da demanda turística, fomento do consumo interno e ferramenta de apoio ao sector turístico. Unha nova edición que poderá estenderse a todos os cidadáns maiores de idade empadroados nun concello galego que non foran beneficiarios na edición 2020.

A Xunta destina a esta nova convocatoria do bono turístico un orzamento de 2 millóns de euros, ao que se lle suma a aportación dos particulares, algo máis de 1,3 millóns de euros. Ademais, a administración autonómica está a tramitar dous convenios de colaboración coa Deputación da Coruña e a Deputación de Ourense, que se amosaron interesadas en participar nesta iniciativa. Ambas entidades farán unha achega prevista de 300.000 e 150.000 euros respectivamente, polo que unha vez incorporados estes importes á convocatoria, mobilizaranse preto de 4 millóns de euros.

A este importe consignado cómpre sumarlle os 2,8 millóns de euros correspondentes ao importe da convocatoria do Bono Turístico de 2020. En total para este 2021 mobilizarase neste programa de impulso e reactivación da demanda turística interna de Galicia algo máis de 6,8 millóns de euros.

### Principais novidades

A diferenza da anterior edición, para a de 2021 crearanse tres tramos de bonos turísticos, con tarxetas de entre 250 e 500 euros de saldo que o beneficiario poderá consumir antes do 15 de decembro de 2021 nos establecementos adheridos ao programa. En cada unha destas tarxetas moedeiro a Xunta asumirá o 60% da cantidade total e o particular financia o outro 40%. Outra das novidades desta edición é que non se lle esixirá ás empresas turísticas que apliquen ningún desconto sobre os servizos cos que se adhiran ao programa. A previsión é que ao longo deste mes de marzo se publique a convocatoria do bono turístico e a resolución de adhesión de empresas turísticas ao programa.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

**Apoio ao sector**

Coa posta en marcha da nova edición do Bono Turístico, dásele continuidade ao un programa de reforzo creado para fomentar a demanda interna do produto turístico que permitirá seguir avanzando na reactivación do sector e como complemento doutras iniciativas como o programa de desestacionalización Elixé Galicia.

En 2020 beneficiáronse do bono turístico un total de 19.808 persoas pertencentes ao colectivo sanitario e sociosanitario de Galicia. Para esta primeira convocatoria expedíronse tarxetas moedeiro de 250€ de saldo por un importe total de 4.952.000 euros.





## **A XUNTA APROBA AS PRIMEIRAS AXUDAS POR 6M€ PARA FACILITAR QUE 840 RESTAURANTES E CAFETERÍAS Poidan ACONDICIONAR AS SÚAS TERRAZAS E FAVORECER AS VENDAS A DOMICILIO OU A RECOLLIDA NO LOCAL**

- *O Goberno galego amplía ata os 11 millóns de euros o orzamento desta liña de axudas que se encontra en fase de avaliación de solicitudes e para a que actualmente dispón de 7 millóns de euros*
- *Este programa busca dar a máxima seguridade ao sector da hostalería no desenvolvemento da súa actividade*
- *Apóíase a instalación de pechamentos, a compra de mobiliario e a adaptación dos espazos exteriores, ademais da adquisición de materiais de empaquetado de comidas e bebidas*
- *O investimento medio dos autónomos e pemes beneficiarias ata o momento foi de 9000 euros e as achegas acadan o 80% do importe ata un máximo de 20.000 euros, con anticipos da metade da contía*
- *A medida súmase ás promovidas polo Goberno galego desde o inicio da pandemia dentro do Plan de reactivación económica*

O Goberno galego vén de resolver os primeiros 840 expedientes de axudas da liña habilitada para apoiar o acondicionamento dos espazos exteriores e os servizos de vendas a domicilio e para levar dos restaurantes e cafeterías. Deste xeito, facilítase a máxima seguridade ao sector da hostalería no desenvolvemento da súa actividade, é dicir, no marco das medidas de protección da saúde ante a covid-19. Como vén de coñecer hoxe o Consello da Xunta, as axudas achegadas ata o momento suman 6 millóns de euros e, ante o importante número de solicitudes presentadas, o Goberno galego amplía ata os 11 millóns de euros o orzamento da convocatoria, que tiña un orzamento inicial de 3M€ e xa se tiña ampliado aos 7.

Así, a Administración autonómica, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, reforza o orzamento destinado ao programa con obxectivo de dar resposta á enorme demanda e interese que ten espertado no sector, un dos máis afectados no actual contexto económico. Con apoios do 80% do investimento realizado, esta liña ofrece axudas directas a autónomos e pemes de menos de 50 traballadores, desde un mínimo de 1500 euros dos gastos ata un máximo de 25.000. Ademais, inclúe a achega de anticipos pola metade da contía. O investimento medio dos establecementos beneficiarios ata o momento é de 9000 euros, e a axuda media de máis de 7000.

Cada beneficiario pode obter axudas para diferentes tipos de actuacións. Entre as características dos apoios aprobados ata agora pola Vicepresidencia económica a través do Igape, destacan os proxectos de peche dos espazos exteriores, por ser os máis numerosos (545), os que máis volume de axudas concentran (3,54 millóns de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

euros, máis da metade do total dos apoios) e pola súa dimensión, xa que unha parte importante dos restaurantes e cafeterías beneficiarios acometeron reformas substanciais no exterior dos seus locais.

En canto aos apoios á renovación do mobiliario, instalación de sistemas de iluminación e de aparatos calefactores no exterior e mellora da fachada dos establecementos, o volume total de axudas aprobadas ata agora é de 1,6 millóns de euros e o número de beneficiarios é de 424.

O último tipo de actuacións apoiadas por esta liña son os gastos de adquisición de elementos de envasado de comida e bebida para a entrega a domicilio ou a recollida no local. Neste caso é de salientar a gran cantidade de solicitudes presentadas, o que indica que unha parte relevante dos establecementos hostaleiros da Comunidade incorporaron ou reforzaron este servizo entre as súas actividades. A contía total das axudas concedidas ata agora para apoialas é de 980.000 euros, que se achegarán a 398 establecementos.

Dos 6 millóns de axudas condedidas ata a data, o 38% corresponde á provincia de Pontevedra; o 37,4% á da Coruña; o 18% á de Lugo e o 6,6% á de Ourense. A Administración autonómica financia este programa a través das achegas que a Unión Europea vén de activar a través do Fondo React-EU.



## MEDIO AMBIENTE IMPULSA A TRAMITACIÓN DA LEI DE ÁREAS EMPRESARIAIS PARA REFORZAR A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO DESTAS SUPERFICIES

- *O Consello coñeceu a proposta da Consellería para someter o anteproxecto a consulta pública, desde mañá e durante os dous próximos meses*
- *O Goberno galego potenciará o desenvolvemento de solo empresarial e a implantación de novas empresas en Galicia, o que implicará un investimento de máis de 250 millóns de euros nos próximos 10 anos*
- *Propón a aprobación de liñas de axudas para crear pequenas áreas empresariais de carácter local para favorecer a actividade en concellos medios e pequenos*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda impulsa a tramitación da Lei de áreas empresariais de Galicia para reforzar as estratexias de desenvolvemento e implantación de superficies empresariais.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, coñeceu dous informes nos que se fai unha análise da situación actual do desenvolvemento de solo empresarial e se propoñen unha serie de medidas para avanzar neste obxectivo, entre elas, a elaboración da devandita norma. Así, o anteproxecto someterase a consulta pública a partir de mañá e durante os dous próximos meses para coñecer a opinión da sociedade en xeral e do sector en particular ao respecto.

A Lei de áreas empresariais de Galicia constitúe unha oportunidade para impulsar instrumentos de implantación deste tipo de áreas e proxectos industriais, mellorar a súa eficacia e concretar os sistemas de xestión destas áreas unha vez rematadas.

Outra das medidas pola que se aposta é a potenciación do Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, para acadar o desenvolvemento de solo industrial e a implantación de novas empresas, algo que implicará un investimento de máis de 250 millóns de euros nos próximos 10 anos.

Para cumprir este obxectivo, optarase por diferenciar entre as áreas empresariais de carácter estratéxico e de carácter comarcal e supracomarcal, co obxectivo de priorizar a execución e desenvolvemento do solo necesario e facer un mellor seguimento das necesidades.

No caso das áreas estratéxicas, primarase dispoñer de solo urbanizado ou de rápida urbanización, con conexión directa a través das arterias principais de comunicación e emprazado nas proximidades das grandes áreas de actividade. A Xunta considera que esta é a fórmula máis axeitada para dar resposta ás necesidades de implantación das empresas que podan xurdir no futuro.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

En todo caso, tamén é necesario incrementar a oferta de solo de carácter supracomarcal ou comarcal para ter a superficie dispoñible suficiente que permita o asentamento das actividades económicas vinculadas a esas zonas e o seu crecemento nos mesmos ámbitos.

Cómpre subliñar que o Plan sectorial de áreas empresariais se potenciará como instrumento básico de planificación, co que se permite delimitar os ámbitos que poden ser desenvolvidos directamente a través de proxectos de interese autonómico.

Por outra banda, a Xunta engade a posibilidade de aprobar unha liña de axudas para o desenvolvemento de pequenas áreas empresariais (industrial, empresarial e comercial) de carácter local, co fin de favorecer a implantación de actividades económicas en concellos medios e pequenos.

No informe tamén se propón a posibilidade de crear un programa de incentivos á contratación ás iniciativas empresariais que se asenten no solo da Xunta, así como analizar novos apoios financeiros que favorezan a implantación empresarial e que complementen o aforro no custo de adquisición de solo, que supón menos do 20% do investimento do proxecto empresarial.

Todas estas medidas novidosas sumaríanse ao programa de bonificacións para o acceso ao solo empresarial, que se manterá este ano nas porcentaxes establecidas deste 2015 -30% ou 50% de rebaixa sobre o prezo de venda das parcelas-.



## O PROGRAMA EMEGA DE EMPRENDEMENTO FEMININO APOIOU 578 PROXECTOS EN 5 ANOS E MÁIS DE 1.000 POSTOS DE TRABALLO OCUPADOS POR MULLERES

- *O Consello da Xunta informou do balance do Programa de emprendemento feminino Emega ao que se destinaron 7,1 M€ entre 2016 e 2020*
- *O orzamento previsto para este 2021 supera os 3,6 millóns de euros, un 71,4% máis que en 2020, polo que será o máximo investimento da historia do programa*
- *O programa adaptou as bases das convocatorias vixentes para minimizar os efectos da covid-19 entre as emprendedoras e para blindar o emprego feminino*
- *Flexibilizáronse no último ano as obrigas das beneficiarias de permanencia da actividade e do emprego para evitar as consecuencias da pandemia*
- *As emprendedoras Emega contan con apoios á conciliación e de titorización que contribúen a consolidar os seus negocios*
- *Desde o ano 2009 a Xunta apoiou 900 iniciativas empresariais dentro deste programa, coa consolidación de máis de 1.600 postos de mulleres*

A Xunta investiu entre 2016 e 2020, 7,1 millóns de euros no programa Emega de emprendemento feminino, o que permitiu financiar 578 proxectos empresariais liderados por mulleres e apoiar a consolidación de 1.018 postos de emprego femininos.

O Consello da Xunta informou hoxe do balance do último lustro deste programa de emprendemento, punta de lanza da promoción da igualdade no eido laboral mediante o apoio ao desenvolvemento da actividade empresarial feminina e outras accións a prol da conciliación laboral e familiar, esenciais para o éxito da iniciativa emprendedora.

Nestes cinco anos, o Goberno galego apoiou 578 iniciativas empresariais, así como a creación de 869 novos postos de traballo ocupados por mulleres e o mantemento doutros 149 xa existentes. Grazas ao programa, deste xeito, o total de empregos de mulleres que recibiron soporte do Emega ascendeu a 1.018.

Emega adaptouse ademais no último ano ao contexto de pandemia, para minimizar os efectos da covid-19 entre as novas emprendedoras e as beneficiarias de edicións anteriores. Neste sentido flexibilizou as esixencias de mantemento da actividade e do emprego para as mulleres empresarias beneficiarias das convocatorias dos anos 18 e 19 -pasando de dous anos a 18 meses- co obxectivo de eximilas de ter que reintegrar as axudas no caso de que a pandemia afectara á viabilidade das súas empresas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Catro liñas de actuación integran o programa Emega. A liña *Emprende* que está destinada a posta en marcha de novas empresas; *Innova*, para a promoción de melloras en empresas lideradas por mulleres; *Activa*, que busca a reactivación e consolidación de proxectos empresariais e *ITEF*, que se centra na axuda para a posta en marcha de iniciativas empresariais de base tecnolóxica.

O programa conta ademais con axudas complementarias como a liña *Concilia*, de apoio á conciliación da vida laboral, persoal e familiar; e *Dual* co que todas as promotoras poden participar desde 2019 nun programa de titorización co obxectivo de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais.

O pasado 2020 o programa contou cun orzamento de 2,1 millóns de euros, o que permitiu apoiar a cifra récord de 197 iniciativas empresariais de mulleres e a creación ou mantemento de 324 postos de traballo femininos. Este 2021, a Xunta ten previsto incrementar aínda máis o presuposto da convocatoria e dotala con 3,6 millóns de euros (+71,4% que en 2020), o que suporá o maior orzamento da historia deste programa.

Desde 2009, o Goberno galego leva investidos máis de 11,2 millóns de euros no programa Emega, contribuíndo deste xeito ao financiamento de 900 proxectos empresariais femininos que incidiron na consolidación de 1.601 postos de traballo femininos, 1.416 deles, de nova creación no período.

Con estes apoios a Xunta traballa para minimizar as fendas existentes no mercado laboral e mellorar a ocupación, emprego, salarios e contratos das mulleres e, ao mesmo tempo, fomentar a conciliación e a corresponsabilidade.